Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 4 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 4 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 211

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Exposición pública desafectación do inmoble do CEIP de Pedrouzos

ANUNCIO

O Pleno do Concello en sesión de data 9 de setembro de 2026, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a desafectación e mutación demanial do servizo público de parte do inmoble do CEIP de Pedrouzos, 246 m2 da parcela con referencia a catastral 6559414NH2466S0001YO, da súa actual finalidade e a súa afectación simultánea ao servizo público de parada de autobús escolar, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

2º) Solicitar autorización previa á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo o procedemento establecido no Real Decreto 605/1987, do 10 de abril.

3º) Unha vez obtida a autorización antedita, publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, polo prazo dun mes en virtude do disposto nos artigos 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 8 do Regulamento de bens das entidades locais, e artigos 71 e 72 da Lei do patrimonio das administracións públicas, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

4º) No caso de formularse alegacións durante o trámite de información pública, serán resoltas pola corporación, considerándose aprobada definitivamente a desafectación da parte do inmoble do uso de educación infantil e a súa afectación simultánea ao uso de parada de autobús escolar para o caso de que non se formulasen.

5º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a xestión e execución do acordo e do correspondente expediente.

O que se fai público durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos previstos no apartado dispositivo 3º do mencionado acordo plenario.

Brión, 30 de outubro de 2026

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2026/7100

Número de anuncio 2026/7100